

# INSTRUCCIÓN PARA AS FAMILIAS

## CURSO 2020-2021

---

Queridas familias do alumnado do CPI Plurilingüe “Virxe do Monte” de Cospeito

Poñémonos en contacto con vós para informaros de como vai ser o novo e atípico curso 2020/21 e das instrucións que todos e todas debemos seguir para que este sexa máis lavadoiro. Aquí tedes todo o que debedes saber e seguir de maneira resumida e concisa pero, ante calquera dúbida ao respecto, podeades poñervos en contacto con nós vía telefónica ou telemática. Así mesmo, podeades consultar o DOG Nº 174 BIS DO 28-08-2020 onde aparece a resolución conxunta das Consellerías de Educación, Universidade e Formación Profesional e de Sanidade que aproban as instrucións polas que os centros de ensino público de Galicia nos rexemos para establecer unhas normas comúns.

---

## EQUIPO COVID DO NOSO CENTRO

---

COORDINADORA - Carmen Sánchez Domínguez – (DIRECTORA)

Eduardo Fernández Fernández – (XEFE DE ESTUDOS DE SECUNDARIA)

Rocío García Corbelle – (XEFA DE ESTUDOS DE INFANTIL E PRIMARIA)

---

# MEDIDAS ESPECÍFICAS DO CENTRO

---

## 1. MEDIDAS PARA AS FAMILIAS

### 1.1 – PRESENZA NO CENTRO DOS PROXENITORES

- Non se permite a presenza dos proxenitores no centro salvo as seguintes **excepcións**:
  - Para acompañar ao alumnado durante o período de adaptación (4º de educación infantil). estas familias unicamente poderán entrar ata a entrada principal do centro de dous en dous (proxenitor-a máis fillo-a) mantendo a distancia de seguridade e con máscara. alí recollerá ao seu fillo ou filla a titora na hora establecida e, neste mesmo lugar teñen que recollelo.
  - Persoa que veña cambiar a muda dun alumno ou alumna de infantil. habilitarase un espazo para poder facer este cambio sen saír do centro.
  - Se un mestre-a require a súa presenza no centro.
- Aquelas familias que veñen traer ou recoller nas entradas e saídas ao alumnado deben ser puntuais e cumprir os horarios de xeito estrito.

### 1.2.– COMUNICACIÓN COAS FAMILIAS:

- Cada profesor/a informaralles do horario establecido para a atención ás familias e, sempre que sexa posible, estas titorías faranse vía telefónica ou telemática. no caso de que teñan que ser presenciais, serán no edificio de dirección.
- As reunións e os consellos escolares serán, preferentemente, de xeito telemática.
- Usaremos como mecanismo de comunicación xeral coas familias a páxina web do centro ([cpi.virxemonte.cospeito@edu.xunta.gal](mailto:cpi.virxemonte.cospeito@edu.xunta.gal)), a aplicación abalar, instagram e blogue (EI)
- as actividades tanto das escolas deportivas están suspendidas ata novo aviso
- É importante que o número de contacto telefónico que temos no centro o teñades sempre dispoñible



## 2. PRINCIPIOS SANITARIOS BÁSICOS

### 2.1 – USO DAS MÁSCARAS:

- É obrigatorio o uso de máscaras en todo o horario lectivo e en todos os espazos escolares, para todo o alumnado de educación primaria e secundaria. cada alumno ou alumna debe traer dúas máscaras ao centro (unha posta e outra de reposto dentro dun estoxo de plástico ou bolsa de tela)
- É recomendable, pero non obrigatorio, o uso da máscara para o alumnado de educación infantil. aqueles alumnos-as que a traian posta deben traer unha de reposto dentro dun estoxo de plástico ou bolsa de tela.
- Cada alumno-a debe traer un botellín de auga co seu nome.
- A través do ordenador de aula proxectaremos vídeos explicativos sobre o uso da máscara e o lavado de mans.

### 2.2- ACTIVIDADE LECTIVA:

- Con carácter xeral, a actividade será presencial para todos os niveis e etapas.
- No caso de contaxios, a autoridade sanitaria, en función do número dos mesmos, poderá ordenar pechar unha aula, varias ou, con carácter extraordinario suspender a actividade lectiva presencial no centro.
- Durante o mes de setembro estase a traballar no centro para habilitar as aulas virtuais e programando segundo a metodoloxía a levar a cabo no caso de ter que empregar o ensino a distancia nalgún momento do curso.

### 2.3- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

- Quedan suspendidas ata novo aviso as actividades complementarias e extraescolares así como as escolas deportivas.



## 2.4-MEDIDAS SANITARIAS:

- Para a detección precoz de COVID 19 no alumnado, debe facerse unha enquisa **(ANEXO I)** cada mañá. Diante da aparición de, como mínimo 2 síntomas, non se debe enviar ao alumno ou alumna ao centro e pedirase consulta co seu médico ou pediatra. Así mesmo avisarase ao centro poñéndose en contacto cun membro do equipo COVID. Esta ausencia non ten por que ser xustificada documentalmente.
- Se algún alumno-a non pode iniciar o curso debido a sospeitas de COVID no seu ámbito familiar debe comunicalo ao centro con suficiente antelación.
- Se algunha persoa do núcleo familiar é sospeitosa de padecer a COVID-19 o alumnado que conviva con eles ou elas non poderá acudir ao centro ata que o resultado da proba sexa negativo.
- Debe medir a temperatura ao seu fillo ou filla antes de saír da casa e, no caso de que teña febre (máis de **37.5**) non debe asistir ao centro.
- Antes de entrar ás aulas, tomarase a temperatura de cada alumno-a. se, ao chegar ao centro educativo, algún neno-a ten máis de 37.5 graos de temperatura, chamaremos ás familias para que veñan a buscalo.
- Intensifícanse as gardas de entrada e saída do alumnado no centro. En educación infantil e primaria haberá 8 mestres-as de garda de entrada e 4 para as saídas. na ESO está por determinar o número de profesores-as de garda.
- Hai cambios na organización de entradas, saídas, aulas, recreos, merenda e comedor. **(ANEXO DE INSTRUCCIÓNS)**
- Ante a aparición de síntomas compatibles co COVID19 nun alumno-a durante a estancia no centro ou á chegada ao mesmo, contactarase cun proxenitor o cal deberá presentarse no centro á maior brevidade posible. Unha persoa da familia, solicitará consulta con pediatría.
- No centro habilitamos un espazo de uso individual por se fose necesario illar a algún membro da comunidade educativa pola presenza de síntomas compatibles co COVID19. **( ANEXO PLANOS )**
- No caso da aparición dun caso COVID confirmado no centro educativo, o equipo COVID achegará ao centro de seguimento de contactos do **SERGAS** a información dos contactos estreitos desa persoa dentro do centro.



- As autoridades sanitarias, ante un **gromo de coronavirus** e, en función do número de contaxios, pode ordenar a corentena dun grupo determinado de contactos estreitos do centro e incluso o peche dunha aula, de varias, dun nivel educativo ou incluso de todo o centro.
- Considérase contacto estreito a calquera alumno-a ou profesional do centro que compartise espazo co enfermo a unha distancia inferior a 2 metros durante máis de 15 minutos sen utilizar a máscara.
- Este alumnado debería entrar en corentena e suspender a ensinanza presencial durante 14 días e realizar o ensino a distancia (se os síntomas o permitisen)
- O restante alumnado da aula poderá continuar coa ensinanza presencial sempre que, en función da virulencia do gromo, o permita a autoridade sanitaria.

### 3. USO DO COMEDOR ESCOLAR:

A reorganización do comedor escolar conleva cambios nos seguintes aspectos:

#### 3.1. QUENDAS:

##### PRIMEIRA QUENDA

Educación Infantil e 1º de Educación Primaria

##### SEGUNDA QUENDA

Dividida en 2 espazos diferenciados. No comedor principal estarán 2º, 3º e 4º de Primaria e no comedor de mestres-as 5º e 6º de Primaria.

##### TERCEIRA QUENDA

Dividida en 2 espazos: De 1º a 3º da ESO no comedor principal e 4º de ESO no comedor de mestres-as.

#### 3.2. HORARIOS

QUENDA	SETEMBRO E XUÑO	OUTUBRO A MAIO LUNS E XOVES	OUTUBRO A MAIO VENRES
1 (Infantil e 1º EP)	13:00h-13:40h	13:50h-14:30h	13:30h-14:10h
2 (de 2º a 6º)	13:40h-14:15h	14:30h-15:10h	14:10h-14:50h
3 (ESO)	14:15h-14:45h	15:10h-15:45h	14:50h-15:20h



### 3.3. OBRIGATORIO

- Lavado de mans antes e despois de comer
- Usaranse bandexas individuais. Os menús serán empratados en cociña
- Non pode haber alumnado colaborador de comedor
- A máscara estará gardada dentro dunha bolsa de tela ou estoxo diante da bandexa de cada alumno ou alumna

## 4. LIMPEZA


- Durante a xornada lectiva, unha persoa do servizo de limpeza realizará unha limpeza de superficies de uso frecuente (aseos, pomos, portas, pasamáns...)
- Realizarase unha limpeza e desinfección dos postos de traballo compartidos en cada cambio de quenda
- Tarefas de ventilación de 15 minutos ao inicio da xornada, durante os recreos e ao finalizar as clases. Tamén, sempre que sexa posible, entre clases.
- Desinfección e ventilación do comedor entre cada unha das quendas de comida.
- Ventilación, se é posible, durante as comidas.



## ANEXOS (PLANOS)

### PLANTA BAIXA

### PATIO








## EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA


### PRIMEIRO ANDAR











## EDUCACIÓN SECUNDARIA




## ANEXO - AFOROS




Aforo da aula: 15 als. + 1 prof. Aforo da aula: 15 als. + 1 prof.




Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.




Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.



1º ESO  
42,75



2º ESO  
42,40



Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.


Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.



Aula PT ESO  
20,50




Laboratorio  
50,60



Aforo da aula: 18 als. + 1 prof.

5º EP  
50,60


6º EP  
50,60



Aforo da aula: 17 als. + 1 prof. Aforo da aula: 17 als. + 1 prof.




**Inglés EP / 4º EP**  
60,65



**Aforo da aula: 21 als. + 1 prof.**




**Aforo da aula: 18 als. + 1 prof.**




**Música**  
50,60

**4º EP**  
50,60

**3º EP**  
50,60



**Aforo da aula: 17 als. + 1 prof. Aforo da aula: 17 als. + 1 prof.**







**Aforo da aula: 21 als. + 1 prof.**





Aforo da aula: 16 als. + 1 prof. Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.



Aforo da aula: 16 als. + 1 prof. Aforo da aula: 16 als. + 1 prof.

## ANEXO-INSTRUCCIÓN

### ESO

**ENTRADA:** Todo o alumnado transportado e non transportado entrará ao centro pola porta de descarga dos autobuses ( ao fondo do recinto), esa porta abrirase ás 9:05 h, sendo o alumnado recibido e acompañado polo profesorado de garda, a porta pecharase ás 9:15h. **Prégase puntualidade.**

No curso 20/21 realizaremos **cambios importantes na entrada** do alumnado ESO, xa que se realizará **pola porta do patio**, segundo se indica no plano

***O alumnado que veña máis tarde por razóns xustificadas tocará o timbre da porta pequena, así como as familias que veñan recoller aos alumnos por outros motivos.***

**SAÍDA:** Todo o alumnado acompañado de profesorado sairá pola porta que está **fronte a dirección**. Ordenado en filas por cursos segundo saen do comedor. Á saída do recinto serán recollidos polos acompañantes do transporte ou familias respectivamente.

#### **ENTRADA ÁS AULAS**

A entrada realizarase **pola porta do patio**. Todo o alumnado deberá **aplicar xel hidroalcolico** nas mans e será sometido a un **control de temperatura** ao acceder ao interior do edificio. O profesorado de garda de transporte será o encargado de realizar esta tarefa segundo se expón a continuación:

- **9:05 apertura da cancela** de entrada e acceso do alumnado ao recinto escolar, o alumnado dirixirase a **ENTRADA ESO**
- Ordenadamente o alumnado aplicará o **xel hidroalcolico** nas mans e o **PROFESOR DE GARDA medirá a temperatura** de cada alumno a medida que accede ao edificio.
- Seguidamente o alumnado **subirá as aulas por cadansúa escaleira**; os alumnos/as de **1º e 2º polas escaleiras máis próximas ao edificio de administración**, e os de **3º e 4º polas máis próximas ao patio**.
- O **segundo profesor de garda de transporte controlará nas aulas** que cada alumno se dirixa e permaneza na súa aula correspondente (evitar todo posible desprazamento non necesario e sen xustificación polo centro)

Para baixar ao patio no **TEMPO DE LECER** utilizarán sempre cadansúas escaleiras (**1º e 2º polas escaleiras máis próximas ao edificio de administración**, e os de **3º e 4º polas máis próximas ao patio**), saíndo pola parte traseira do edificio novo onde se lles ofrece a froita.

Por mor das circunstancias excepcionais deste curso, e co fin de evitar a circulación excesiva do alumnado polo centro, o profesorado que **utilice outras aulas ou espazos** diferentes das de referencia para os distintos grupos (ximnasio, aula de música, aula de informática aula de tecnoloxía, aula de inglés, laboratorio, desdoubles...), **deberá ir a buscar e acompañar no regreso** ao grupo ás respectivas aulas, e o alumnado non poderá abandonar a aula se non está acompañado por un profesor.

#### **ENTRADA AO COMEDOR:**

A hora de entrada ao comedor segue a ser a mesma; ás 14:15 h. en setembro e xuño e o resto do curso de luns a xoves ás 15:10 h. e os venres ás 14:45 h.

Os alumnos/as de 1º e 2º deixarán as mochilas no corredor de entrada e os alumnos/as de 3º e 4º deixaranas no corredor da Biblioteca, todas debidamente colocadas.

**Non entrarán no comedor ata que o persoal de vixilancia os avise.**

De non ser unha causa moi xustificada, os alumnos/as **non poden ir aos servizos á hora de entrar no comedor.**



O alumnado que non se quede ao comedor, sairá pola porta pequena de saída do recinto .

### **USO DOS ASEOS**

**Os alumnos/as de ESO non poden usar os baños do corredor central de Primaria do primeiro andar. O profesorado reducirá o permiso para ir ao baño durante os períodos lectivos ao mínimo imprescindible, e darao sempre de maneira individual. Os alumnos de Secundaria terán que usar os baños da planta baixa ao carón do ascensor, e as alumnas usarán os baños do primeiro andar ao carón do ascensor . Nos recreos deberán usar tamén estes baños.**



## 1º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	MULTIUSOS  ESTE ALUMNADO FORMA UN <b>GRUPO DE CONVIVENCIA</b> XUNTO COS DE EI.  USO OBRIGATORIO DE MÁSCARA
<b>Nº ALUMN@S</b>	19 (nesta aula caben 22 cunha distancia de 1.5 m entre o alumnado e de 1 m entre as mesas. (Ver anexo de aforos)
<b>TITORA</b>	PEPA
<b>ENTRADA</b>	PORTA PEQUENA (XUNTO CON EI) E POLO PATIO DE INFANTIL. NA PORTA DE ENTRADA OS MESTR@S DE GARDA TÓMANLLES A TEMPERATURA E SUPERVISAN A DESINFECCIÓN DE MANS CON XEL.  *Os buses aparcarán o máis preto posible desta entrada
<b>FROITA/RECREO</b>	FROITA DENTRO DA AULA 10 MIN. ANTES DO RECREO E SAÍDA AO PATIO XUNTO COS DE 6º DE EI.  <b>SE CHOVE</b> - HALL DE 1º E 2º DE EP MÁIS DENTRO DA AULA DE 1º  <b>SE NON CHOVE</b> - PORCHE CUBERTO AULAS DE 1º E 2º DE EP E PISTA DE BALONCESTO
<b>ASEOS</b>	USARÁN OS ASEOS DE NENOS E NENAS DA PLANTA BAIXA
<b>COMEDOR</b>	<b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13:00H-13.40H  <b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 13.50H-14.30H (LUNS A XOVES)  13.30H-14.10H (VENRES)  OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS.
<b>SAÍDA</b>	O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS <b>13.00H</b> EN SETEMBRO E XUÑO.  O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS <b>13.50H</b> OS LUNS E XOVES E ÁS <b>13.30H</b> OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.  A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS. ESTA SAÍDA SERÁ POLA PORTA PEQUENA XUNTO CO ALUMNADO DE 1º DE EI.

## 2º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	4º DE EP
<b>Nº ALUMN@S</b>	14 (nesta aula caben 16 alumnos-as cunha distancia de 1.5 m entre eles e de 1 m entre as mesas. (Ver anexo de aforos)
<b>TITORA</b>	BELÉN
<b>ENTRADA</b>	CANCELA GRANDE (COMA SEMPRE) E FILA ATA ENTRAR POLA PORTA PRINCIPAL DO CENTRO ONDE O MESTR@ DE GARDA SUPERVISARÁ A DESINFECCIÓN DE MANS CON XEL E TOMARÁ A TEMPERATURA A CADA NENO E NENA. A CONTINUACIÓN VAN FACENDO UNHA FILA NO CORREDOR DA BIBLIOTECA ENTRADA XUNTO CON 3º, E 4º.
<b>FROITA/RECREO</b>	FROITA DENTRO DA AULA. COLLERASE DUN CARRO QUE ESTARÁ NO CORREDOR DO PRIMEIRO ANDAR.  <b>RECREO:</b> <b>SE CHOVE</b> - PASILLO DE ENTRADA AO CENTRO E BIBLIOTECA (CALQUERA DÍA DA SEMANA) <b>SE NON CHOVE</b> - PISTA DE ABAIXO E BIBLIOTECA OS LUNS, MÉRCORES E XOVES.  *Comparten patio de recreo co alumnado de 3º e 4º
<b>ASEOS</b>	USARÁN OS ASEOS DE NENOS E NENAS DO PRIMEIRO ANDAR  *Comparten aseos co alumnado de 3º e 4º
<b>COMEDOR</b>	<b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.40H-14.15H <b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 14.30H-15.10H (LUNS A XOVES) 14.10H-14.50H (VENRES)  OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS
<b>SAÍDA</b>	O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS 13.40H EN SETEMBRO E XUÑO.  O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS 14.30H OS LUNS E XOVES E ÁS 14.10H OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.  A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS POLA CANCELA GRANDE POR RUTAS.

### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	3º EP
<b>Nº ALUMN@S</b>	15 (nesta aula caben 16 nenos-as cunha distancia de 1.5 m entre eles e de 1 m entre as mesas. <a href="#">Ver anexo de aforos</a> )
<b>TITORA</b>	CHUS
<b>ENTRADA</b>	CANCELA GRANDE (COMA SEMPRE) E FILA ATA ENTRAR POLA PORTA PRINCIPAL DO CENTRO ONDE O MESTR@ DE GARDA SUPERVISARÁ A DESINFECCIÓN DE MANS CON XEL E TOMARÁ A TEMPERATURA A CADA NENO E NENA. A CONTINUACIÓN FAN AS FILAS NO PATIO. ENTRADA XUNTO CON 2º E 4º.
<b>FROITA/RECREEO</b>	<p>FROITA DENTRO DA AULA. COLLERASE DUN CARRO QUE ESTARÁ NO CORREDOR DO PRIMEIRO ANDAR.</p> <p><b>RECREEO:</b></p> <p><b>SE CHOVE</b>- PASILLO DE ENTRADA AO CENTRO E BIBLIOTECA (CALQUERA DÍA DA SEMANA)</p> <p><b>SE NON CHOVE</b>- PISTA DE ABAIXO E BIBLIOTECA OS LUNS, MÉRCORES E XOVES.</p> <p>*Comparten patio de recreo e biblioteca co alumnado de 2º e 4º</p>
<b>ASEOS</b>	<p>USARÁN OS ASEOS DE NENOS E NENAS DO PRIMEIRO ANDAR</p> <p>*Comparten aseos co alumando de 2º e 4º</p>
<b>COMEDOR</b>	<p><b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.40H-14.15H</p> <p><b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 14.30H-15.10H (LUNS A XOVES) 14.10H-14.50H (VENRES)</p> <p>OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS</p>
<b>SAÍDA</b>	<p>O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS 13.40H EN SETEMBRO E XUÑO.</p> <p>O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS 14.30H OS LUNS E XOVES E ÁS 14.10H OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.</p> <p>A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS. ESTA SAÍDA SERÁ POLA CANCELA GRANDE SAÍNDO, COMA SEMPRE, POR RUTAS</p>

## 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	AULA DE INGLÉS
<b>Nº ALUMN@S</b>	19 (nesta aula caben 22 nenos-as cunha distancia entre eles de 1.5 m e de 1 m entre as mesas. <a href="#">(Ver anexo de aforos)</a> )
<b>TITORA</b>	CONCHI
<b>ENTRADA</b>	CANCELA GRANDE (COMA SEMPRE) E FILA ATA ENTRAR POLA PORTA PRINCIPAL DO CENTRO ONDE O MESTR@ DE GARDA SUPERVISARÁ A DESINFECCIÓN DE MANS CON XEL E TOMARÁ A TEMPERATURA A CADA NENO E NENA. A CONTINUACIÓN FAN AS FILAS NO PATIO. ENTRADA CO ALUMNADO DE 2º E 3º
<b>FROITA/RECRO</b>	FROITA DENTRO DA AULA. COLLERASE DUN CARRO QUE ESTARÁ NO CORREDOR DO PRIMEIRO ANDAR. <b>RECRO:</b> <b>SE CHOVE</b> - PASILLO DE ENTRADA AO CENTRO E BIBLIOTECA (CALQUERA DÍA DA SEMANA) <b>SE NON CHOVE</b> - PISTA DE ABAIXO E BIBLIOTECA OS LUNS, MÉRCORES E XOVES. *Comparten patio de recreo e biblioteca co alumnado de 2º e 3º
<b>ASEOS</b>	USARÁN OS ASEOS DE NENOS E NENAS DO PRIMEIRO ANDAR *Comparten aseos co alumando de 2º E 3º
<b>COMEDOR</b>	<b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.40H-14.15H <b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 14.30H-15.10H (LUNS A XOVES) 14.10H-14.50H (VENRES) OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS.
<b>SAÍDA</b>	O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS 13.40H EN SETEMBRO E XUÑO. O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS 14.30H OS LUNS E XOVES E ÁS 14.10H OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID. A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS. ESTA SAÍDA SERÁ POLA CANCELA GRANDE SAÍNDO, COMA SEMPRE, POR RUTAS.



## 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	5º EP
<b>Nº ALUMN@S</b>	8 (nesta aula caben ata 17 nenos-as cunha distancia de 1.5 m entre eles e de 1 m entre as mesas. (Ver <a href="#">anexo de aforos</a> )
<b>TITORA</b>	ELSA
<b>ENTRADA (CON 6º)</b>	<p>CANCELA GRANDE (COMA SEMPRE) E, A CONTINUACIÓN, POLA ENTRADA DA ESO ONDE O MESTR@ DE GARDA SUPERVISARÁ A DESINFECCIÓN CON XEL E LLES TOMARÁ A TEMPERATURA.</p> <p>ESPERARÁN NO CORREDOR DA BIBLIOTECA CUN MESTR@ DE GARDA A QUE PASE O ALUMNADO DE 2º, 3º E 4º E DESPOIS SUBIRÁN ÁS SÚAS RESPECTIVAS AULAS ACOMPAÑADOS DO MESTR@ DE GARDA</p>
<b>FROITA/RECREO</b>	<p>FROITA DENTRO DA AULA. COLLERASE DUN CARRO QUE ESTARÁ NO CORREDOR DO PRIMEIRO ANDAR.</p> <p><b>RECREO</b></p> <p><b>SE CHOVE</b>- PISTA CUBERTA E PATIO CUBERTO ONDE SE FAN AS FILAS. ASÍ MESMO PODEN UTILIZAR O XIMNASIO SEMPRE E CANDO NON ESTEA OCUPADO POR ALUMNADO DA ESO.</p> <p><b>SE NON CHOVE</b>- PISTA CUBERTA E PATIO CUBERTO ONDE SE FAN AS FILAS, MÁIS BIBLIOTECA MARTES E VENRES</p>
<b>ASEOS (CON 6º)</b>	UTILIZARÁN OS ASEOS DE PROFESORES E PROFESORAS DA PLANTA DE ABAIXO
<b>COMEDOR</b>	<p>COMEDOR DE MESTR@S. COMPARTIDO CON 6º</p> <p><b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.40H-14.15H</p> <p><b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 14.30H-15.10H (LUNS A XOVES)</p> <p style="padding-left: 100px;">14.10H-14.50H (VENRES)</p> <p>OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS.</p>



**SAÍDA**

O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS 13.40H EN SETEMBRO E XUÑO.

O RESTO DO CURSO SAE ÁS 13.40H OS LUNS E XOVES E ÁS 14.10H OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.

A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE POLA CANCELA GRANDE PARA IR NO AUTOBÚS.

## 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

<b>AULA</b>	6º EP
<b>Nº ALUMN@S</b>	12 (nesta aula caben ata 17 alumnos-as cunha distancia de 1.5 m entre eles e de 1 m entre as mesas. (Ver anexo de aforos)
<b>TITORA</b>	MARÍA
<b>ENTRADA</b>	<p>CANCELA GRANDE (COMA SEMPRE) E, A CONTINUACIÓN, POLA ENTRADA DA ESO ONDE O MESTR@ DE GARDA SUPERVISARÁ A DESINFECCIÓN CON XEL E LLES TOMARÁ A TEMPERATURA.</p> <p>ESPERARÁN NO CORREDOR DA BIBLIOTECA A QUE PASE O ALUMNADO DE 2º, 3º E 4º E DESPOIS SUBIRÁN ÁS SÚAS RESPECTIVAS AULAS ACOMPAÑADOS DO MESTR@ DE GARDA.</p> <p>*Comparten entrada con 5º</p>
<b>FROITA/RECREO</b>	<p>FROITA DENTRO DA AULA. COLLERASE DUN CARRO QUE ESTARÁ NO CORREDOR DO PRIMEIRO ANDAR.</p> <p><b>RECREO</b></p> <p><b>SE CHOVE</b>- PISTA CUBERTA E PATIO CUBERTO ONDE SE FAN AS FILAS. ASÍ MESMO PODEN UTILIZAR O XIMNASIO SEMPRE E CANDO NON ESTEA OCUPADO POR ALUMNADO DA ESO.</p> <p><b>SE NON CHOVE</b>- PISTA CUBERTA E PATIO CUBERTO ONDE SE FAN AS FILAS, MÁIS BIBLIOTECA MARTES E VENRES.</p>
<b>ASEOS</b>	<p>UTILIZARÁN OS ASEOS DE PROFESORES E PROFESORAS DA PLANTA DE ABAIXO</p> <p>*Comparten wc co alumnado de 5º</p>
<b>COMEDOR(CON 5º)</b>	<p>COMEDOR DE MESTR@S.</p> <p><b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.40H-14.15H</p> <p><b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 14.30H-15.10H (LUNS A XOVES)</p> <p style="text-align: center;">14.10H-14.50H (VENRES)</p> <p>OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS.</p>
<b>SAÍDA</b>	<p>O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS 13.40H EN SETEMBRO E XUÑO.</p> <p>O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS 14.30H OS LUNS E XOVES E ÁS 14.10H OS VENRES. ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO</p>



PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.

A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS. ESTA SAÍDA SERÁ POLA CANCELA GRANDE SAÍNDO, COMA SEMPRE, POR RUTAS.

## EDUCACIÓN INFANTIL

<b>AULA</b>	AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL coma sempre. OS MANDILÓNS NON PODEN ESTAR NAS PERCHAS. O ALUMNADO LEVARÁ O MANDILÓN CADA DÍA PARA A CASA. USO RECOMENDADO PERO NON OBRIGATORIO DE MÁSCARA. COLOCACIÓN NAS AULAS POR GRUPOS ESTABLES DE CONVIVENCIA (MÁXIMO DE 5 NENOS-AS) O alumnado de EI forma un <b>grupo de convivencia</b> con 1º de EP
<b>Nº ALUMN@S</b>	4º EI 16                      5º EI 14                      6º EI 17
<b>TITORA</b>	4º EI MARÍA 5º EI ROCÍO 6º EI MARÍA APOIO MELANI
<b>ENTRADA</b>	PORTA PEQUENA (XUNTO CON 1º EP) E POLO PATIO DE INFANTIL. NA PORTA DE ENTRADA OS MESTR@S DE GARDA TÓMARANLLES A TEMPERATURA E SUPERVISAN A DESINFECCIÓN DE MANS CON XEL.  *Os buses aparcarán o máis preto posible desta entrada
<b>FROITA/RECREO</b>	COMA SEMPRE DENTRO DAS AULAS 10 MIN ANTES DO RECREO <b>PATIO</b> - 4º E 5º DE EI <b>SE CHOVE</b> – HALL DE INFANTIL MÁIS AULA DE 1º <b>SE NON CHOVE</b> – PATIO DE INFANTIL  6º DE EI <b>SE CHOVE</b> – HALL DE 1º E 2º DE EP MÁIS AULA DE 1º EP <b>SE NON CHOVE</b> – PORCHE DE 1º E 2º DE EP E PISTA DE BALONCESTO. COMPARTEN PATIO CO ALUMNADO DE 1º EP
<b>ASEOS</b>	COMA SEMPRE
<b>COMEDOR</b>	<b>HORARIO DE SETEMBRO E XUÑO</b> 13.00H-13.40H <b>HORARIO DE OUTUBRO A MAIO</b> 13.50H-14.30H (LUNS A XOVES) 13.30H-14.10H (VENRES)  OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA E SERVIDOS EN BANDEXAS INDIVIDUAIS
<b>SAÍDA</b>	O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA SAE ÁS <b>13.00H</b> EN SETEMBRO E XUÑO. O ALUMNADO QUE VAIA COMER Á CASA O RESTO DO CURSO SAE ÁS <b>13.50H</b> OS LUNS E XOVES E ÁS <b>13.30H</b> OS VENRES.



ESTES ALUMNOS E ALUMNAS NON TEÑEN QUE VOLVER AO CENTRO PORQUE SE FLEXIBILIZA A CLASE DA TARDE PARA ANTES DE COMER, POR NECESIDADE DE QUENDAS DE COMEDOR SEGUNDO PROTOCOLO COVID.

A SAÍDA DO ALUMNADO QUE QUEDA AO COMEDOR SERÁ, COMA SEMPRE PARA IR NO AUTOBÚS. ESTA SAÍDA SERÁ POLA PORTA PEQUENA XUNTO CO ALUMNADO DE 1º DE EI.

**\*TODOS OS MENÚS SERÁN EMPRATADOS EN COCIÑA,  
SEMPRE QUE SEXA POSIBLE.**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CPI Plurilingüe Virxe Do Monte**

Feira do Monte  
27377 Sistallo (San Xoán)  
☎ 982870262 📠 982870270  
cpi.virxemonte.cospeito@edu.xunta.gal





## ANEXO I. ENQUISA DE AUTOAVALIACIÓN CLÍNICA DO COVID-19

Esta enquisa pretende ser útil para que a comunidade educativa poida identificar síntomas clínicos de sospeita de ter infección por coronavirus. De presentar calquera destes síntomas solicite consulta no seu centro de saúde.

<b>Presentou nas últimas 2 semanas?</b>		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>Síntomas respiratorios</b>	<b>Febre maior de 37,5°C</b>		
	<b>Tose seca</b>		
	<b>Dificultade respiratoria</b>		
<b>Outros síntomas</b>	<b>Fatiga severa (cansazo)</b>		
	<b>Dor muscular</b>		
	<b>Falta de olfacto</b>		
	<b>Falta de gusto</b>		
	<b>Diarrea</b>		

**Ten actualmente algún dos síntomas? Sinalar cales e cando comezaron.**

		<b>SI</b>	<b>NON</b>
<b>CONVIVIU nas últimas 2 semanas?</b>	<b>cunha persoa COVID-19 + confirmado?</b>		
	<b>cunha persoa en illamento por sospeita de infección pola COVID-19?</b>		



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

**CPI Plurilingüe Virxe Do Monte**

Feira do Monte  
27377 Sistallo (San Xoán)  
☎ 982870262 📠 982870270  
cpi.virxemonte.cospeito@edu.xunta.gal

